

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 16 DE MARZO DE 2021

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dezaseis de marzo de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Zoom, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria do día 9 de marzo de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 9 de marzo de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución do 2 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (códigos de procedemento SI435B, SI435A, SI427B e SI435C). (Diario Oficial de Galicia número 49, do 12 de marzo de 2021).

- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 50, do 15 de marzo de 2021).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 5 ao día 11 de marzo do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Socioeconómico número 322/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 361/2021, segundo se relaciona a seguir:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
322/2021	05-03-2021	Concesión definitiva de subvencións ao abeiro das bases reguladoras das axudas PEL-Reactiva: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña
321/2021	05-03-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 9 de marzo de 2021
323/2021	07-03-2021	Incorporación de remanentes 8/2021
324/2021	08-03-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución dun peche na finca sita na Mosca, Santa Maria de Vigo. Propiedade: FCI e RRV
325/2021	08-03-2021	Reposición legalidade urbanística pola colocación dunha caseta prefabricada e un portal de apertura corredeira en Peiraió (Bribes). Propiedade: APG e OICM
326/2021	08-03-2021	Reposición legalidade urbanística por actos realizados no baixo da edificación sita en Amil, Cambre, consistentes na construción dunha cheminea e a colocación dunha antena. Propiedade: CAGC
327/2021	08-03-2021	Licenza para acometida eléctrica na vivenda unifamiliar sita na rúa Pintor Pablo Manzano, Cambre. Solicitante: UFD, D.E., S.A.
328/2021	08-03-2021	Licenza para proporcionar servizo de telecomunicacións electrónicas ao edificio sito na rúa Abeleira, O Temple. Solicitante: Tde E, S.A.
329/2021	08-03-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SVM
330/2021	08-03-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: EFDL
331/2021	08-03-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto. Solicitante: FCS
332/2021	08-03-2021	Aprobar as facturas, recoñecer e liquidar as obrigas por importe total de 27.414,51 euros
333/2021	08-03-2021	Aprobar as facturas, recoñecer as obrigas con reparos da Intervención por importe total de 105.575,20 euros
334/2021	08-03-2021	Aprobar as certificacións correspondente á obra Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do campo da feira, recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes á factura por importe total de 39.802,53 euros, así como o seu pagamento
335/2021	08-03-2021	Contrato menor mediante o sistema de vale pedido para restaurar a carpintería exterior de madeira na casa do concello
336/2021	08-03-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: DVL
337/2021	08-03-2021	Estimación da reclamación patrimonial por danos ocasionados na motocicleta Aprilia RS, con placas de matrícula 7024HMM, debido, segundo indica o interesado, á deficiencia do asfaltado fresco sen fraguar, o que provocou a súa caída cando estaba estacionada sobre o apoio lateral dereito, no lugar O Pombo, a altura do número 22, Pravio, o día 13 de setembro de 2018. Expediente: 2018/P001/000016.
338/2021	09-03-2021	Autorizar a apertura urna perimetral sinalada co número 77, letra C,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		co fin de inhumar o cadáver de dona MIC, falecida o día 04-01-2021
339/2021	09-03-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
340/2021	09-03-2021	Reposición legalidade urbanística pola realización de obras de substitución de cuberta na edificación sita en Sampaio, parroquia de Brexo. Propiedade: GQR
341/2021	09-03-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: STS
342/2021	09-03-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JMS
343/2021	09-03-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: CRDS
344/2021	09-03-202	Expedientes sancionadores de tráfico
345/2021	09-03-202	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de decembro de 2020
346/2021	09-03-202	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xaneiro de 2021
347/2021	10-03-2021	Incrición no RMAV do Club Halterofilia Cambre entidade número 116
348/2021	10-03-2021	Acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Gamelas, Anceis. Propiedade: Herdeiros de FSG
349/2021	10-03-2021	Conceder a licenza municipal para executar unha acometida eléctrica na vivenda unifamiliar sita na Cabana, Anceis. Solicitante: UFD, DE, S.A.
350/2021	10-03-2021	Expediente sancionador de tráfico
351/2021	11-03-2021	Modificación da contía máxima do anticipo de caixa fixa a prol de servizos sociais para gastos de emerxencia social
352/2021	11-03-2021	Conceder a axuda aluguer por importe de 280 euros. Solicitante: SAV
353/2021	11-03-2021	Expediente sancionador de tráfico
354/2021	11-03-2021	Licenza de segregación de finca na Casilla, Cambre. Solicitante: JVP
355/2021	11-03-2021	Desestimar a reclamación patrimonial presentada por dona MTA, na que solicita lle sexa reparado o seu vehículo, por resultar danado ao chocar contra un sinal de prohibido estacionar, diante do aparcadoiro do Eroski da Barcala que, segundo indica, resultaba invisible, o día 20 de xullo de 2019, ás 11:00 horas. Expediente: 2019/P001/000018
356/2021	11-03-2021	Aprobación de certificacións correspondente á obra Mellora pavimentación paseo A Barcala e camiño do Pombo, POS+2019, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á facturas por importe total de 53.402,11 euros, así como o seu pagamento
357/2021	11-03-2021	Conceder a axuda aluguer por importe de 350 euros. Solicitante: MCES
358/2021	11-03-2021	Nomeamento auxiliar administrativo interino ITL
361/2021	11-03-2021	Aprobación lista provisional concurso-oposición conserxes interinos

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta para eximir da presentación do Plan de traballo a *Ocisat, S.L.* adxudicataria da obra “Proxecto básico e de execución de desmorte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre. Xullo 2020”. Expediente: 2020/C003/000005

- Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa *CYS Hispania, S.L.* adxudicataria da obra “Reparación de danos ocasionados por temporais xaneiro-febreiro 2014: Bribes e Mercuin, (Anceis)” investimento cofinanciado en virtude de Resolución de 4 de novembro de 2015, da Dirección Xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, (BOE nº 266 de 06/11/2015), pola que se asignan subvencións por danos en infraestruturas municipais e rede viaria das deputacións provinciais e forais, así como das comunidades autónomas uniprovinciais, previstas no Real Decreto-Lei 2/2014 de 21 de febreiro, (BOE nº 46 de 22/02/2014), convocadas por Resolución de 11 de maio de 2015 (BOE nº 114 de 13/05/2015). Expediente: 2016/C003/000002.

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C005/000010, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) da subministración, instalación e montaxe de sinais identificativas dos nomes dos rúeiros e orientativas direccionais do Concello de Cambre, a prestar de forma sucesiva, en función das necesidades e por prezo unitario

- Proposta de adxudicación do contrato para a execución do “Servizo formativo, interactivo e preventivo dos trastornos musculoesqueléticos e da calidade de vida derivados da pandemia producida pola Covid 19” no prezo ofertado de 14.790,00 € sen IVE, 17.895,90 € IVE incluído, para o prazo de 8 meses. Expediente núm. 2021/C002/000013

- Proposta de suspensión do prazo de duración total, e de execución concreta da terceira Fase do contrato do servizo de “Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre” (expediente nº 2017/C004/000007) , adxudicado á empresa “Oficina de Planeamiento, S.A.”(OPSA).

- Proposta de adxudicación do contrato menor para “Actuacións de obras de mantemento e reparación nos Polideportivos Municipais do Concello de Cambre e no edificio da Escola Municipal de Música”. Expediente núm. 2021/C002/000004

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Proposta para eximir da presentación do Plan de traballo a *Ocisat, S.L.* adxudicataria da obra “Proxecto básico e de execución de desmorte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre. Xullo 2020”. Expediente: 2020/C003/000005

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2020/C003/000005 para a contratación por procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación factor prezo, para a obra “Proxecto básico e de execución de desmorte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre. Xullo 2020”. Expediente: 2020/C003/000005.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de febreiro de 2021 polo que se adjudicou a obra á empresa "Ocisat, S.L." asinándose o correspondente contrato con data de 11 de febreiro de 2021.

Visto o plan de seguridade e saúde aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local con data 2/03/2021.

Visto o Plan de xestión de residuos aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local con data 9/03/2021.

Visto o informe emitido con data 9 de marzo de 2021 pola arquitecta técnica municipal, directora da obra e responsable do contrato, no que propón eximir ao contratista da presentación de programa de traballo, conforme ao establecido na cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Á vista do establecido na cláusula 18.2 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Eximir á empresa "Ocisat, S.L." da presentación do plan de traballo, conforme ao establecido na cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, para a execución da obra denominada "Proxecto básico e de execución de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre. Xullo 2020". Expte. 2020/C003/000005, esto tendo en conta o informe emitido pola arquitecta técnica municipal directora da obra con data do 09/03/21, á vista de que o prazo de execución da obra de referencia (1 mes) e o Programa de traballo que consta no proxecto aprobado, non fóron modificados na oferta presentada polo contratista con base na cal resultou adjudicatario."

Segundo: Notificar este acordo á empresa "Ocisat, S.L.", facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notifíquese á arquitecta técnica municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa CYS Hispania, S.L. adjudicataria da obra "Reparación de danos ocasionados por temporais xaneiro-febreiro 2014: Bribes e Mercuin, (Anceis)"

investimento cofinanciado en virtude de Resolución de 4 de novembro de 2015, da Dirección Xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, (BOE nº 266 de 06/11/2015), pola que se asignan subvencións por danos en infraestruturas municipais e rede viaria das deputacións provinciais e forais, así como das comunidades autónomas uniprovinciais, previstas no Real Decreto-Lei 2/2014 de 21 de febreiro, (BOE nº 46 de 22/02/2014), convocadas por Resolución de 11 de maio de 2015 (BOE nº 114 de 13/05/2015). Expediente: 2016/C003/000002.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 18 de marzo de 2016, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade CYS Hispania, S.L. para a obra “Reparación de danos ocasionados por temporais xaneiro-febreiro 2014: Bribes e Mercuin, (Anceis)”, Expediente 2016/C003/000002.

Visto que no antedito expediente depositouse unha *garantía definitiva* mediante seguro de caución de data 15/03/2016, con número 4.145.406 e importe de 5.629,28 euros, depositado na Tesourería municipal con número de rexistro 642 e data do 16/03/2016, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo Enxeñeiro de camiños municipal, con data do 26 de xuño de 2020.

Visto o informe de fiscalización número 235/2020 emitido pola Intervención Municipal con data do 19 de agosto de 2020.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCS) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a *garantía definitiva* depositada pola entidade “CYS Hispania, S.L.” con CIF B7428... e con enderezo na rúa Pintor Urbano LUGRÍS, nº 2, baixo, 15702, Santiago de Compostela, (A Coruña), no expediente número 2016/C003/000002 para a obra “Reparación de danos ocasionados por temporais xaneiro-febreiro 2014: Bribes e Mercuin, (Anceis)”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Cuarto: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C005/000010, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) da subministración, instalación e montaxe de sinais identificativas dos nomes dos rúas e orientativas direccionais do Concello de Cambre, a prestar de forma sucesiva, en función das necesidades e por prezo unitario

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 11 de marzo de 2021, elaborouse polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento técnicas, para a contratación da *“Subministración, instalación e montaxe de sinalización coa nomenclatura de rúas e lugares e indicativos de orientación do Concello de Cambre”*, cun valor estimado de 81.762,25 euros e un orzamento base de licitación de 89.938,48 euros (IVE incluído).

Igualmente, con data do 11 de marzo de 2021, o técnico municipal asinou o prego de prescricións técnicas da contratación, así como o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, condicións especiais de execución do contrato e penalizacións.

Consta documento de retención de crédito asinado polo interventor municipal o 11 de febreiro de 2021, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 933.62304 *Sinalización de parroquias* (29.917,73 euros para o 2021).

Respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 159.1 da LCSP.

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 12 de marzo actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral e interventor municipal, de data 14 de marzo de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da

Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, ao tratarse dunha prestación coa que se pretende satisfacer a necesidade de subministrar e instalar sinalización vertical destinada a indicar a denominación das rúas e dos lugares, así como a instalar sinais verticais con orientación direccional das parroquias rurais do Concello de Cambre, procurando con ese labor, facilitar o tránsito polas rúas de titularidade municipal.

Con esta actuación estase a cumprir co establecido no artigo 75 do Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais (RD 1690/1986, na súa redacción dada polo RD 2612/1996, do 20 de decembro), onde se dita que *“Os concellos manterán actualizadas a nomenclatura e rotulación das vías públicas, e a numeración dos edificios, informando diso a todas as administracións públicas interesadas”*, así como co Texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e no Regulamento xeral de circulación, que establecen que *“corresponde ao titular da vía a responsabilidade do seu mantemento nas mellores condicións posibles de seguridade para a circulación, e da instalación e conservación nelas das adecuadas sinais e marcas viarias.”*

Así mesmo, esta actuación está enmarcada nos apartados d) e g) do artigo 25.2 da Lei reguladora das bases do réxime Local (LRBRL) onde quedan establecidas as seguintes competencias das administracións locais:

- d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade
- g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade

Finalmente, o contrato ten unha finalidade cultural e patrimonial, xa que coa instalación dos elementos de sinalización estarase facilitando a conservación da toponimia do Concello de Cambre (Decreto 132/1984, do 6 de setembro, no que se establecen os procedementos para fixación ou recuperación da toponimia de Galicia, e da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística).

Con isto queda acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C005/000010, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación (de apreciación automática) correspondente a:

- | | |
|--|--|
| - Obxecto do contrato: | Subministración, instalación e montaxe de sinalización coa nomenclatura de rúas e lugares e indicativos de orientación do Concello de Cambre, a prestar de forma sucesiva, en función das necesidades e por prezo unitario |
| - Orzamento base de licitación máximo: | 89.938,48 euros IVE incluído |
| - Valor estimado: | 81.762,25 euros |
| - Prazo de execución : | Dende o día seguinte á sinatura do contrato en documento administrativo, ata o 31 de decembro de 2023, sen posibilidade de prórroga |

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 933.62304, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira

A arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López e, como suplente, o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto ao 10 % de posible aumento do número de unidades a subministrar , consonte ao artigo 301.2 LCSP.

Quinto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Proposta de adjudicación do contrato para a execución do “Servizo formativo, interactivo e preventivo dos trastornos musculoesqueléticos e da calidade de vida derivados da pandemia producida pola Covid 19” no prezo ofertado de 14.790,00 € sen IVE, 17.895,90 € IVE incluído, para o prazo de 8 meses. Expediente núm. 2021/C002/000013

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 8/02/2021 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, polo concelleiro delegado da Área de Cultura, deportes e xuventude e pola concelleira delegada da Área de Economía, facenda e recursos humanos, ao que se xunta memoria valorada, para a contratación do servizo de “Formación, Interacción e prevención dos trastornos musculoesqueléticos e da calidade de vida derivados da pandemia producida pola COVID 19” cun orzamento base de licitación de 14.960,00 euros sen IVE, 18.101,60 euros IVE incluído, motivado na necesidade de adaptar as formas de práctica deportiva á situación epidemiolóxica actual causada pola COVID-19, situación que supuxo cambios en moitos aspectos da vida diaria (maior sedentarismo xa que en moitos momentos a práctica do deporte está restrinxida, medo a compartir espazos públicos, importantes cambios na maneira de traballar) propiciando un incremento dos trastornos musculoesqueléticos. O programa que se propón efectuarase a través de medios dixitais, vídeos e conexións en directo, dirixidos á poboación xove, adultos e maiores, para tratar trastornos musculoesqueléticos orixinados polos cambios da vida cotiá. Isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP .

O informe de necesidade engade que a actuación proposta considérase urxente tendo en conta os meses acumulados con restricións debidas á pandemia e para minimizar estes problemas no futuro. Dilatalo no tempo non tería os efectos inmediatos necesarios e que se pretenden conseguir para contribuír ao bo estado dos veciños e veciñas e minorar os trastornos que afectan ao benestar físico e psicolóxico pola perda de hábitos e rutinas.

Con data 13/02/2021 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 341 22799, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 24/02/2021 emítese informe polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Adrián Maceiras Maseda
- Massalud Fene
- Servicios de Salud y Valoración Holística SL

e que presentou oferta unicamente a empresa que a continuación se relaciona:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE
Servicios de Salud y Valoración Holística SL	14.790,00 €	17.895,90 €

formulando proposta de adxudicación do “Servizo formativo, interactivo e preventivo dos trastornos musculoesqueléticos e da calidade de vida derivados da pandemia producida pola Covid 19”, á empresa “Servicios de Salud y Valoración Holística SL” con NIF B704*****, domicilio en rúa Betanzos 2, 1º dta. – 15004 A Coruña, no prezo ofertado de 14.790,00 € sen IVE, 17.895,90 € IVE incluído, para o prazo de 8 meses, por ser a única entidade licitadora que formulou oferta.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 11 de marzo de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 65/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 14 de marzo de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, contempladas no artigo 25.2.l) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a memoria valorada para o servizo de "Formación, Interacción e prevención dos trastornos musculoesqueléticos e da calidade de vida derivados da pandemia producida pola COVID 19" cun orzamento base de licitación de 14.960,00 euros sen IVE, 18.101,60 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 341 22799.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000013, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para o "Servizo formativo, interactivo e preventivo dos trastornos musculoesqueléticos e da calidade de vida derivados da pandemia producida pola Covid 19", á empresa "Servicios de Salud y Valoración Holística SL" con NIF B704*****, domicilio en rúa Betanzos 2, 1º dta. – 15004 A Coruña, no prezo ofertado de 14.790,00 € sen IVE, 17.895,90 € IVE incluído, para o prazo de 8 meses, por ser a única entidade licitadora que formulou oferta e cumprir con tódolos requisitos establecidos na Memoria valorada elaborada para a prestación do servizo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Desígnase responsable municipal do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal, don José Luís Martínez Názara, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese a don José Luís Martínez Názara, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E) Proposta de suspensión do prazo de duración total, e de execución concreta da terceira Fase do contrato do servizo de "Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre" (expediente nº 2017/C004/000007) , adxudicado á empresa "Oficina de Planeamiento, S.A."(OPSA).

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"O Concello de Cambre tramitou o expediente nº 2017/C004/000007 para a contratación, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación documental simplificada, do servizo "Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre", que foi adxudicado á empresa "Oficina de Planeamiento S.A. (OPSA)", segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de agosto de 2018, asinándose o correspondente contrato con data do 20 de setembro de 2018.

Segundo establece a cláusula 4 do Prego de cláusulas administrativas Particulares e cláusula IV do contrato asinado, os prazos parciais de execución e de duración total do contrato, son os seguintes:

"O presente contrato terá un prazo total de duración de catro anos, contados dende a súa firma no documento administrativo, e sen posibilidade de prórroga, isto tendo en conta o establecido no art. 303.1 do TRLCSP.

O prazo de duración do contrato suspenderase cando resultase precisa durante a tramitación da redacción do PXOM a emisión de informes municipais ou a solicitude de autorizacións, documentos administrativos e/ou ambientais, de consultas ou de informes preceptivos doutras Administracións Públicas solicitados, sexa por este Concello, sexa pola Comunidade Autónoma, polo tempo que medie entre a data na que conste aceptada a solicitude polo organismo correspondente, e a recepción do dito documento no Concello de Cambre, datas que deberán ser comunicadas á empresa adxudicataria.

Sen prexuízo do indicado anteriormente, para a execución do contrato de redacción do PXOM de Cambre fíxanse os seguintes prazos parciais de execución dos traballos por parte do contratista:

- Prazo máximo para a presentación do Programa de Traballo: 1 mes, contado dende o día seguinte ao da sinatura do contrato.

- Prazo máximo para a presentación do Borrador do Plan e Documento Inicial Estratéxico: 6 meses contados dende o día seguinte ao da recepción polo contratista da aprobación polo órgano de contratación do programa de traballo presentado.

- Prazo máximo para a presentación do estudo ambiental estratéxico e do Plan Xeral de Ordenación Municipal para aprobación inicial: 7 meses contados dende o día seguinte ao da recepción polo contratista do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico formulado pola Xunta de Galicia.

- Prazo máximo para a presentación dos informes ás alegacións presentadas no trámite de información pública e para a presentación da proposta do Plan e, no seu caso, da modificación do estudo ambiental estratéxico tomando en consideración as alegacións formuladas, as consultas realizadas e os informes sectoriais emitidos: 3 meses contados dende o día seguinte ao da recepción polo contratista do conxunto das alegacións presentadas no trámite de información pública, dos informes sectoriais emitidos e do resultado das consultas remitidas polo órgano autonómico competente en materia de urbanismo.

- Prazo máximo para a reparación das deficiencias detectadas polo órgano ambiental na proposta do Plan ou no expediente remitidos: 1 mes contado dende o día seguinte ao da recepción polo contratista do requirimento municipal para efectuar a dita reparación.

- Prazo máximo para a presentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal para aprobación provisional coa incorporación do contido da declaración ambiental estratéxica e para a presentación do extracto ao que se refire o artigo 82 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, indicando as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do Plan: 2 meses contados dende o día seguinte ao da recepción polo contratista da declaración ambiental estratéxica formulada pola Xunta de Galicia.

- Prazo máximo para a corrección das deficiencias requiridas pola Consellería competente para a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal: 1 mes contado dende o día seguinte ao da recepción polo contratista do requirimento da dita corrección.

- Prazo máximo para a realización das correccións, modificacións ou elaboración dun documento refundido que se precisen se a Consellería competente en urbanismo aprobara definitivamente o Plan con condicións ou o aprobase parcialmente: 1 mes contado dende o día seguinte ao da recepción polo contratista da resolución autonómica.

Estes prazos parciais de execución dos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal son independentes daqueles outros que poidan ser esixidos ao equipo redactor, tanto pola Consellería competente como pola Área de Urbanismo do Concello de Cambre, para a reparación de deficiencias observadas na documentación do proxecto, non obstante, a duración total do contrato non superará os catro anos, sen posibilidade de prórroga”.

Con data do 26/06/2020 a empresa adxudicataria dos traballos de redacción do PXOM presenta escrito no rexistro telemático do Concello de Cambre, rexistrado de entrada ao nº 202099900001556, no que se solicita a suspensión do prazo de duración do contrato e prazo parcial de execución dos traballos da 3º fase, correspondente á elaboración do estudo ambiental estratéxico e do documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal para aprobación inicial, petición **motivada na imposibilidade de dispor da cartografía necesaria para a realización dos traballos de desenvolvemento desta fase.**

Con data do 10/03/2021 emítese informe polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, designado responsable do contrato segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de agosto de 2018, no que indica que debe suspenderse o prazo do traballo de redacción do PXOM, así como o prazo de execución dos

traballos da 3ª fase, consistentes na elaboración do estudo ambiental estratéxico e do documento para aprobación inicial do PXOM, dende o día 07/03/2020 ata que se poña a disposición da empresa adxudicataria, "Oficina de Planeamento S.A. (OPSA)", a cartografía municipal actualizada, facendo constar as seguintes circunstancias:

"Con data 06/03/2020 a Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático dicta o Documento de Alcance do Estudo Ambiental Estratéxico do PXOM de Cambre; e tal como establece nos Pregos da presente asistencia técnica, o adxudicatario entra na fase 3ª do traballo da elaboración do PXOM, fase consistente na elaboración do estudo ambiental estratéxico e do documento para aprobación inicial, e que conta con un prazo de sete meses dende o día seguinte a recepción do mencionado Documento de Alcance; e fase para a que é fundamental contar ca cartografía axeitada.

Sendo coñecedores da problemática que presentaba a cartografía existente, con data 22/04/2019 redactase polo arquitecto titular o informe de necesidade para a redacción dunha nova cartografía, sendo modificado e corrixido hasta que con data 04/02/2020 a Xunta de Goberno Local do Concello aproba o expediente de contratación para a adxudicación do contrato de "Actualización da cartografía do Municipio de Cambre", que, tras a suspensión dos procedementos administrativos do RD 463/2020, foi adxudicado con data 25/08/2020 a "TCA Cartografía y Geomática S.A."; ditos traballos despois de ter que requirir do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a corrección de erros na documentación remitida polo mesmo, como base da actualización contratada, teñen a finalización prevista para mediados do mes de abril do presente ano".

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral, con data do 15 de marzo de 2021 , que contén a proposta de acordo a adoptar.

Tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Acordar a suspensión do prazo de duración total, e de execución concreta da terceira Fase do contrato do servizo de "Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre" (expediente nº 2017/C004/000007) , adxudicado á empresa "Oficina de Planeamento, S.A. " (OPSA), isto tendo en conta o informe do arquitecto municipal responsable do contrato de data 10/03/2021 , e de conformidade co establecido no artigo 220 do R. D. 3/2011 do 14 de novembro, artigo 22 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, e cláusula 4 do contrato suscrito e do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen para a presente contratación, toda vez que o Concello non puido facilitar á empresa adxudicataria da redacción do Plan xeral a cartografía axeitada necesaria para o cumprimento da terceira fase de execución do contrato (*presentación do estudo ambiental estratéxico e do Plan Xeral de Ordenación Municipal para aprobación inicial*).

Segundo : A suspensión será efectiva desde o día 07/03/2020 (data do comezo da terceira fase de execución do contrato), ata que o Concello de Cambre poña a disposición da empresa adxudicataria, "Oficina de Planeamento S.A. (OPSA)", a cartografía municipal actualizada, traballos que está a realizar a entidade "TCA Cartografía y Geomática, S.A.", adxudicataria do contrato para a "Actualización da cartografía municipal" (expediente nº 2019/C004/000010).

Terceiro: Tendo en conta o establecido polo artigo 220 do RD 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei dos contratos do sector público, de aplicación ao expediente que nos ocupa consonte ao establecido pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 de contratos do sector público, levántese unha acta na que se consignen as circunstancias que motivan a suspensión e a situación de feito na execución do contrato.

Cuarto: Notificar o presente acordo á empresa interesada, "Oficina de Planeamiento, S.A." (OPSA), facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso, esto de conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quinto : Dar conta do presente acordo ao arquitecto municipal responsable do contrato, don José Ramón Díaz Barbeito, así como ao Departamento de Intervención, para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

F) Proposta de adjudicación do contrato menor para "Actuacións de obras de mantemento e reparación nos Polideportivos Municipais do Concello de Cambre e no edificio da Escola Municipal de Música". Expediente núm. 2021/C002/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data 30/01/2021 se asina polo Coordinador de área de Cultura, Deportes e Xuventude, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado "Informe técnico de necesidade", donde incorpórase a "Memoria Valorada" correspondente á obra "Actuacións de obras de mantemento e reparación nos Polideportivos Municipais do Concello de Cambre e no edificio da Escola Municipal de Música" elaborado polo Coordinador da área, no que se motiva a necesidade da obra xustificando a necesidade urxente e inaprazable de acometer certas obras, reparacións, evidenciadas polos temporais, e alertas laranxas sufridos polo noso concello nas semanas pasadas, cun orzamento base de licitación de 12.988,31€, SEN IVE, 15.715,85 €, IVE INCLUIDO.

As actuacións que se pretenden levar a cabo nos Polideportivos de Brexo, Pravio, Cambre, Sigrás e no edificio da Escola de Música teñen por finalidade mellorar as condicións nas que se atopan as instalacións, mellorando así o estado no que se atopan, motivado no exercicio das competencias municipais en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas, segundo establece o artigo 25.2.l) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como no artigo 8 da Lei 3/2012 de 2 de abril, de Deporte de Galicia, que establece como competencias dos municipios, apartados 3 e 4 respectivamente; "Construir, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal...". "Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, ... e coidar a súas condicións de hixiene e seguridade" e apartado 9 "Calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou reglamentariamente e contribúa aos fins e obxectivos da presente Lei", isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.

En concreto, na Memoria elaborada polo coordinador da Área de Cultura e Deportes municipal se describen e valoran as actuacións a realizar do seguinte xeito :

"POLIDEPORTIVO BREXO

- **Canalón do almacén/conserxería**
Retirar antigo canalón e fabricar e instalar un novo canalón en aluminio para asegurar a súa lonxevidade, debidamente atornillado e selado. Ademais é preciso a impermeabilización do canalón coas baixantes e o remate en chapa dos encontros superiores do canalón para evitar filtracións. Lonxitude canalón 13 metros lineales
Orzamento partida:840,00 euros

- **Canalón da zona de vestuarios**
*Retirar antigo canalón e fabricar e instalar un novo canalón máis ancho e con máis capacidade. Impemeabilización de encontros e unións. Tamén é preciso impermeabilizar o canalón coas baixantes e rematar con chapa lacada os encontros superiores do canalón para evitar filtracións.
Lonxitude canalón é de 11 metros lineales
Orzamento partida:1.080 euros*
- **Encontro entre a cuberta de vestuarios/almacén/conserjería e o paramento vertical del pavillón**
*Sustitución de tornillería antiga por outra nova, xa que esta está oxidada e coas xuntas das gomas resecas.
Colocación de parafusos nos buratos existentes e remate con caucho elastómero elástico armado con fibra de vidro sobre toda a tornillería e nas xuntas das chapas de todo o encontro. Este encontro ten unha lonxitude de 25 metros lineales
Orzamento partida:445,00 euros*
- **Cerramento exterior en bloque nos vestiarios**
*Este paramento fabricado en bloque, se debe de impermeabilizar con elastómero armado con fibra e rematado con pintura exterior de fachadas primeira calidade en dúas capas. A superficie de este cerramento é de 40m2.
Orzamento partida:665,00 euros*
- **Encontro da fachada frontal co chan do parking**
*Para evitar a entrada de auga por esta zona hai que impermeabilizar en forma de zócalo con media caña entre o paramento e o chan. Realízase utilizando cemento elástico armado con fibra de vidro. Aproximadamente 30cm de alto por 20cm na zona horizontal. A lonxitude deste zócalo sería de aproximadamente 18 metros.
Orzamento partida:425,00 euros*
- **Xuntas de canalóns na cuberta do polideportivo**
*Impermeabilización das xuntas para evitar filtracións, tanto da cuberta como dos desaugues con caucho elastómero armado con fibra de vidro MAT300, aplicada en dúas capas, previa limpeza das xuntas.. A lonxitude total de ambos canalóns é de 84 metros.
Orzamento partida: 1.540,00 euros*
- **Tornillería e xuntas de cumbreira na cuberta principal**
*Impermeabilizar con caucho elastómero armado con fibra de vidro, do mesmo color da cuberta. Aplicarase o mesmo material en toda a tornillería da cuberta. A cumbreira mide 42 metros lineales
Orzamento partida:460,00 euros*

POLIDEPORTIVO PRAVIO

- **Línea de vida**
*Retirar a línea de vida existente e proceder a unha correcta xestión dos residuos.
Orzamento partida:180,00 euros*
- **Baixante de pluviaies**
*Fixación con tornillería a baixante de pluviaies, utilizando pletina de aceiro galvanizado.
Orzamento partida:90,00 euros*

POLIDEPORTIVO CAMBRE

- **Xuntas de canalóns**
Impermeabilizar as xuntas dos canalones así como os desaugües con fibra y caucho elastómero. Superficie de canalóns é de 88 metros lineales.
Orzamento partida:1.540,00 euros
- **Canalón traseiro**
Fixar ao paramento vertical, o canalón na zona que está descolgado e selar o remate final.
Orzamento partida:305,00 euros
- **Canalón do porche na parte máis baixa**
Fixar a baixante co canalón e impermeabilizar o encontro do desaugüe.
Orzamento partida:149,55 euros

POLIDEPORTIVO SIGRÁS

Aliviaderos de canalóns:

Colocación de máis aliviaderos para intentar que o canalón evacue máis auga en caso de grandes crecidas de auga no mesmo. Colocaránse 6 por cada canalón e se conservarán os antigos aliviaderos como reforzo. Serán de PVC se se selarán con polímero elástico.

Orzamento partida:760,00 euros

EDIFICIO ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

- **Fabricación e montaxe de chapas en parapeto na cuberta**
Para evitar que a auga da choiva se deslice pola fachada deberán fabricar e montar unhas chapas de aceiro lacado en negro en forma de "U" cubriendo o parapeto da cuberta. Son en total aproximadamente 55 metros de chapa cun ancho total incluídos os pliegues de 50cm.
Estas pezas van atornilladas con parafuso autorroscante montado con xunta de goma. Posteriormente, impermeabilizar, igual que todas as unións das chapas, con caucho elastómero armado con fibra de vidro de color gris, para así evitar filtracións.
Orzamento partida:1.780 euros
- **Colocación de aliviaderos na cuberta**
Importante actuación de aliviaderos de emergencia para evitar inundacións no interior do edificio por atascos nos desagües. Instalación de 2 aliviaderos de PVC colocados a 10cm da cuberta.
Orzamento partida:230.00 euros
- **Impermeabilización da canaleta que recolle auga do xardín**
Traballo a realizar con membrana de poliuretano material que se adapta correctamente aluminio canaleta, éste irá armado con malla de fibra nas unións e encontros. Superficie de 20 metros lineais
Orzamento partida: 425,00 euros

Ademáis, na Memoria faise constar que "Está incluído no prezo de licitación, o coste de máquina/elevadora necesaria para a execución dos traballos, así como a coordinación de seguridade e saúde."

Na proposta-informe de necesidade asinada polo Coordinador de área de deportes e cultura, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, queda motivada a necesidade do contrato pola urxencia que requiren as actuacións propostas, dado que se trata de obras que non se poden dilatar, xa que xa houbo diversos avisos de alerta por temporais, e dada a época do ano na que nos atopamos, na que as choivas son cada vez máis frecuentes e preciso unha actuación urxente.

Con data 05/02/2021 asínase polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito un informe de conformidade técnica á Memoria valorada, correspondente á obra "Actuacións de obras de mantemento e reparación nos Polideportivos Municipais do Concello de Cambre e no edificio da Escola Municipal de Música". No citado informe se indica expresamente que :

"El art. 235 de la LCSP, establece que en los proyectos de obras que afecten a la estabilidad, seguridad o estanqueidad se realizará un informe de supervisión; las actuaciones a ejecutar se refieren al mantenimiento de cierta partes o elementos de las cubiertas, pero no a la totalidad de la misma o a elementos primarios de impermeabilización, sino a zonas de sellados secundarios en la función principal de la misma; es decir son actuaciones de mantenimiento que ni afectan al diseño geométrico de la cubierta ni a su concepción constructiva, por lo que la cubierta seguirá con las mismas características intrínsecas, buenas o malas, anteriores a esta actuación de mantenimiento; a la vista de lo anterior no es necesario el informe del art 235 de la LCSP."

El Real Decreto 1627/1997 sobre disposiciones mínimas de seguridad y salud en las obras de construcción, obliga, en el presente caso de obras de mantenimiento, a la contratación de los servicios de un técnico competente que actúe como Coordinador de Seguridad y Salud durante la ejecución de las obras; para lo cual deberá procederse a su contratación, o bien incluirlo en las ofertas a presentar, si bien en este último caso su nombramiento será aprobado por el ayuntamiento a propuesta de la empresa adjudicataria.

Por lo tanto, se presta la CONFORMIDAD TÉCNICA a la presente Memoria Valorada, sin valorar la idoneidad técnica de las obras a realizar."

Con data 21/01/2021 emitese documento de "Retención de crédito" pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias 342 21200 (Mantemento instalacións deportivas) e 334 21200 (Mantemento edificios promoción cultural).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delgación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con datas do 18/02/21 e 25/02/2021 emítese informe polo Coordinador de área de deportes e cultura no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- LOPEZ CAO SL
- JARDINERIA ARCE SL
- CONTORNA TECNICAS CONSTRUCTIVAS SL
- CABODEIRO S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta IVE incluído
JARDINERIA ARCE SL	15.527,93 €
CONTORNA TECNICAS CONSTRUCTIVAS SL	15.600,67 €
CABODEIRO S.L	14.631,34 €

formulando proposta de adjudicación do contrato menor para as “Actuacións de obras de mantemento e reparación nos Polideportivos Municipais do Concello de Cambre e no edificio da Escola Municipal de Música” a prol da entidade CABODEIRO S.L, co CIF: B7049**** e domicilio en rúa Viveiro, 13, bj, local 1 15142 Arteixo A Coruña, no prezo ofertado de 12.092,02 euros máis o 21% de IVE, que supón un total 14.631,34 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido, o prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 1 de marzo de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 67/2021- Reparación 23 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 15 de marzo de 2021.

Visto o informe emitido polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude con data do 15 de marzo de 2021, no que consta que se trata de reparar deficiencias que afectan ao correcto desenvolvemento das actividades realizadas polos usuarios nas ditas instalacións, co fin de evitar filtracións nas fachadas dos edificios e no interior dos mesmos, e que se emprega este procedemento dado que a realización destes servizos non se poden dilatar máis no tempo dada a urxencia en facelo, ademais de que iniciouse expediente de contratación por procedemento aberto, para o “Servizo de reparación e mantemento dos centros escolares e pavillóns polideportivos de Cambre”, no que se inclúen todas as instalacións e edificios municipais, ampliando o espírito do obxecto do contrato, recollendo un apartado de valoración de obras nas citadas instalacións.

Visto que con data do 15 de marzo de 2021 dictouse a Resolución de Alcaldía nº 373/2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, e promoción da cultura e equipamentos culturais, contempladas no artigo 25.2. l) e m) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a “Memoria Valorada” correspondente ás “Actuacións de obras de mantemento e reparación nos Polideportivos Municipais do Concello de Cambre e no edificio da Escola Municipal de Música” elaborado polo Coordinador de área de cultura e deportes, cun orzamento base de licitación de 12.988,31€ sen IVE, 15.715,85 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 342 21200 e 334 21200.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000004, da actuación de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato para as “Actuacións de obras de mantemento e reparación nos Polideportivos Municipais do Concello de Cambre e no edificio da Escola Municipal de Música”, a empresa Cabodeiro S.L, co CIF: B70494331 e domicilio en rúa Viveiro, 13, baixo, local 1, 15142 Arteixo A Coruña, no prezo ofertado de 12.092,02 euros máis o 21% de IVE, que supón un total 14.631,34 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido, o prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato, ao Coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude don José Luis Martínez Názara, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao Coordinador de área de cultura e deportes, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia